

O Festival Outono Fotográfico, a Xunta de Galicia e a Deputación de Lugo convocan o XI PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA, de acordo coas seguintes

## BASES

### **PRIMEIRA** | *Obxecto*

Promover a fotografía contemporánea e as cuestións éticas que suscita, en xeral, a arte contemporánea respecto das formas de dominación e a imposición de límites ao pensamento. Promover a creación dun espazo fotográfico en Galicia que complemente o creado durante máis de tres décadas polo Outono Fotográfico mediante o incentivo de propostas de carácter visual-fotográficas por parte de autores/as tanto nacionais como estranxeiros.

Poderá participar calquera autor ou autora que traballe coa fotografía con independencia da súa nacionalidade, tendo en conta que no fallo do Xurado pesará de modo especial a súa inserción no discurso da fotografía contemporánea.

### **SEGUNDA** | *Premio*

Concederáse un único premio consistente na PRODUCCIÓN DUNHA EXPOSICIÓN e/ou a PUBLICACIÓN DUN LIBRO.

#### **1. PRODUCCIÓN DUNHA EXPOSICIÓN**

Co proxecto fotográfico premiado produciríase unha exposición temporal que se inauguraría entre os meses **de decembro de 2023 e xaneiro de 2024**. As características técnicas serán fixadas pola organización do certame en función da propia obra e do límite orzamentario. **A exposición sería producida polo Outono Fotográfico que nomeará un curador responsable do deseño, edición e dimensionado da mesma.**

#### **2. PUBLICACIÓN DE LIBRO**

Poderase editar un libro que formaría parte da serie «PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA» da colección «OF»; e que se distribuiría nas librarías. **Levará o selo editorial de Difusora de Letras Artes e Ideas, editorial que nomeará ao editor e deseñador do libro.** Ademais, unha selección de fotografías que o curador nomeado pola Asociación OF Outono Fotográfico decida, formará parte do libro do Festival Outono Fotográfico.

**ITINERANCIA.** A exposición sería inaugurada en Lugo e itineraría durante dous anos polo resto do país nas salas de Afundación, así como polos festivais con parcerías coa organización do Premio. Tamén podería ser parte da programación que elaboren a tal efecto tanto a Deputación de Lugo como a Xunta de Galicia.

### **TERCEIRA** | *Características do proxecto a presentar*

As/os autoras/es participantes deberán presentar un proxecto fotográfico realizado en calquera data comprendida entre **outubro de 2013 e outubro de 2023**, e que non fora subvencionado ou becado na súa totalidade anteriormente noutro certame, nin editado na súa totalidade en calquera soporte, con enteira liberdade respecto ao tema e á técnica.

### **CUARTA** | *Prazo de presentación e condicións*

O prazo de presentación das obras será do **1 de setembro ao 15 de outubro de 2023**

Os proxectos poderán presentarse de dúas maneiras:

**Método 1.** Comprimir a documentación completa solicitada na Base QUINTA nun só arquivo [formatos admitidos: zip, rar, gz, tar, tar.gz, 7z] que non excederá de 20 Mb, e envío desde o seguinte site: <http://outonofotografico.com> ir a **INSCRIPCIÓN / ENROLLMENT / INSCRIPCIÓN**

**Método 2.** Enviando o arquivo comprimido coa documentación completa, solicitada na Base quinta, nun CD, DVD ou pendrive USB, por correo ou por medio de calquera empresa de transporte a:

DIFUSORA DE LETRAS, ARTES E IDEAS  
PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA  
San Benito da Veiga 33B [O Cimbri - Costa da Vela]  
32711 Sabadelle, Pereiro de Aguiar  
OURENSE, GALIZA.

Deberá terse en conta que só se aceptarán os arquivos inscritos e aqueles envíos por Correos ou calquera empresa de mensaxería, coa **data límite do 15 de outubro de 2023** ás 24:00 h, acreditada mediante o resgardo correspondente ao envío ou a hora de recepción no FTP .

Os gastos de envío e os seguros de transporte [no caso de habelos] dos proxectos, correrán por conta do autor ou autora. A organización non se responsabilizará das perdas ou danos causados durante o envío ou recepción.

### **QUINTA** | *Documentación a presentar*

- 1.** Dossier onde se debulle un proxecto fotográfico. Este dossier non terá unha extensión maior de cinco A4.
- 2.** Ficha de inscrición cumprimentada (que está ao final destas bases).
- 3.** Nunha carpeta, non menos de 15 imaxes do proxecto, nomeadas co nome do proxecto e numeradas. Poderán conter a modo de pé de foto, breves apuntamentos

que vallan de aclaración ao xurado. As imaxes terán 1920 píxeles na súa medida máis longa e 144 dpi de resolución. Empregarase o formato de arquivo JPG [compresión entre 9 e 11 en Photoshop]

**4.** Nunha segunda carpeta, non menos de dez imaxes de outros traballos, perfectamente diferenciadas con nome distinto ao nome do proxecto presentado, e coas mesmas características técnicas descritas no punto anterior.

**5.** Escaneado ou fotografía das dúas caras do D.N.I. ou páxinas identificativas do Pasaporte.

**6.** Currículo da autora ou autor.

**SIXTA | Composición do Xurado.** O Xurado estará composto por:

1 persoa que nomee a Xunta de Galicia

1 persoa que nomee a Deputación de Lugo

Director do Outono Fotográfico

Curador que nomee o Outono Fotográfico

Galerista ou editora/or especializado en fotografía

Curadora/or ou crítica/o con experiencia no mundo da fotografía

Fotógrafa/o

Actuará como Secretaria/o con voz e sen voto, unha funcionaria/o de calquera das administracións patrocinadoras.

**SÉTIMA | Proceso de selección de obras e publicidade do fallo**

O Xurado fará a **selección de cinco proxectos, que serán os finalistas**. Os nomes dos autores ou autoras **publicaranse o 23 de outubro de 2023** en [www.outonofotografico.com](http://www.outonofotografico.com) e nas redes sociais da Asociación Outono Fotográfico. A selección realizarase atendendo á linguaxe visual do autor ou da autora, á calidade fotográfica e á contemporaneidade.

**48 horas despois o Xurado designará ao gañador ou gañadora** de entre os finalistas, e o seu nome será publicado nas mesmas canles citadas máis arriba.

O fallo do Xurado será inapelable. A organización só contactará directamente co autor ou autora gañador/a.

**OITAVA | Realización do proxecto**

A **gañadora/or comprométese á entrega do conxunto de imaxes, textos ou obxectos que conformen o seu proxecto antes do día 4 de novembro de 2023**. A organización poderá poñerse en contacto coa gañadora ou gañador para supervisar o traballo realizado. O Festival Outono Fotográfico designará unha persoa que apoie ou titorice o proxecto gañador, así como un curador para a posible exposición. Poderase solicitar á gañadora/or material adicional para incluír no posible libro a editar.

### **NOVENA** | *Exposición e edición do libro*

A exposición produciríase logo de ter entregado o traballo de xeito que estea **lista para a súa inauguración despois do 20 de decembro de 2023**. Paralelamente **prepararíase o libro**.

### **DÉCIMA** | *Garantes*

As fotografías e fotógrafos son legalmente responsables de garantir que cumpren cos requisitos do PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA en canto a propiedade en sentido estrito e intelectual. As inscricións que non satisfagan estes criterios non se poderán seleccionar e serán sacadas do concurso.

Ao aceptar participar no PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA, os autores e autoras:

- 1.** Garanten que son os propietarios do traballo que presentan, que posúen ou que lles está conferida na súa totalidade a propiedade intelectual e que se o traballo foi encargado con fins privados e domésticos posúe a autorización da persoa ou entidade pública ou privada que o encargou.
- 2.** Garanten que obtiveron a correspondente autorización das persoas que figuran nas fotografías presentadas respecto á súa exhibición e reprodución. Os fotógrafos e fotografías deben, se así se lles pide, ser quen de presentar unha autorización firmada das persoas que figuran nas fotografías por eles/as presentadas.
- 3.** Aceptan que a parte do seu traballo que pasa a formar parte do acervo do Festival Outono Fotográfico [punto 10.8 destas bases] poida ser exposta posteriormente aos dous anos de itinerancia en calquera outro lugar de exposición promovido polos organizadores.
- 4.** Aceptan que a organización poida reproducir e/ou licenzar a reprodución de calquera das imaxes ou textos que formen parte do proxecto premiado no PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA, sen que leve parello ningún pago ao fotógrafo/a ou a modelo ningún pola utilización con fins culturais e educativos e tamén os relativos á difusión do Premio, en calquera medio de ámbito mundial, engadidos catálogos e Internet.
- 5.** A propiedade intelectual das fotografías seleccionadas será mantida en todo momento pola fotógrafa ou fotógrafo e sempre que se use unha imaxe a autoría da mesma será atribuída ao autor/a.
- 6.** Nos 2 anos que a exposición estea dispoñible para itinerar, o autor/a ten dereito a solicitala e dispor dela, sempre e cando estea libre e se encargue dos transportes e seguros da mesma.
- 7.** O libro editarase en Difusora de Letras, Artes e Ideas, S.L. dentro da colección «OF» adicada ao Outono Fotográfico, e non retribuirá ningún importe á autora ou autor pola publicación e xestión da publicación. A ratio de venda que correspondería ao autor ou autora repercutirá no Premio Galicia de Fotografía Contemporánea do seguinte ano. Farase unha soa edición dun máximo de 500 exemplares. O Festival Outono Fotográfico resérvase o dereito á reedición que, chegado o caso, se negociará co autor ou autora.

**8.** A exposición producida será propiedade do autor ou autora premiada salvo un duplicado da obra ou obras seleccionadas polo xurado e que pasará a formar parte do fondo fotográfico do Festival Outono Fotográfico.

#### **UNDÉCIMA | Aceptación das Bases**

A participación no PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA supón a plena aceptación das presentes bases e, no previsto nas mesmas, estarase ao que dictamine o Xurado, que terá un fallo inapelable.

E para que así conste, a **autora ou autor** do proxecto premiado por unha parte, e o **coordinador do PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA** por outra, asinarán as presentes bases por triplicado en proba de conformidade e a efecto de facer cumprilas. No caso de se producir discrepancias graves na interpretación ou execución das mesmas, as partes, con renuncia a calquera outro foro, sométense expresamente aos xulgados e tribunais de Ourense.

